

## EXCEDENCIAS

<b>EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERESE PARTICULAR</b>	<p>O persoal funcionario de carreira con <b>cinco anos</b> de servizos efectivos en calquera Administración pode obter unha excedencia voluntaria por interese particular por un período <b>mínimo</b> de <b>dous anos</b> continuados. A duración máxima é o número de anos equivalente aos que se acrediten como prestados en calquera Administración, cun <b>máximo</b> de <b>quince</b>. A falta de petición de reingreso ao servizo activo dentro do prazo comporta a perda da condición de funcionario/a.</p> <p>Quen se atope nesta situación non percibe remuneración ningunha, nin lle computa ese tempo para os efectos de ascensos, trienios, seguridade social, etc.</p>
<b>EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO SECTOR PÚBLICO</b>	<p>Solicítase cando o/a funcionario/a de carreira pase ao servizo activo noutro corpo ou escala en calquera das AA. PP. tamén como funcionario/a de carreira. Permanecerá nesta excedencia mentres dure a prestación de servizos na outra actividade. Unha vez que cese, deberá solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo <b>dun mes</b>; de non facelo, pasará á excedencia voluntaria por interese particular.</p>
<b>EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR AGRUPACIÓN FAMILIAR</b>	<p>Non será requisito imprescindible ter servizos prestados con anterioridade na Administración, pero si ser funcionaria/o de carreira. A/o cónxuxe deberá ser funcionaria/o de carreira ou laboral fixa/o e ter un posto de traballo na Administración de carácter definitivo. Quen se encontra nesta situación, non percibe remuneración ningunha, nin lle computa ese tempo para os efectos de ascensos, trienios, seguridade social, etc.</p> <p>Duración mínima: <b>dous anos</b>. A duración máxima é de <b>quince anos</b>. Á falta da petición de reingreso ao servizo activo dentro do prazo, declárase de oficio a excedencia voluntaria por interese particular.</p>
<b>EXCEDENCIA POR COIDADADO DE FAMILIARES</b>	<p>Pode solicitarse para o coidado de fillos ou dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo nin desempeñe actividade remunerada. Duración máxima: <b>tres anos</b> (un período único por cada suxeito causante). Se transcorre este prazo sen solicitar o reingreso, pasa á excedencia voluntaria por interese particular.</p> <p>O tempo de permanencia nesta situación será compatible para os efectos de trienios, carreira e seguridade social.</p> <p>O posto de traballo resérvase, como mínimo, <b>dous anos</b>. Logo de transcorreren, a reserva será dun posto de traballo na mesma localidade e con idéntica remuneración.</p>
<b>EXCEDENCIA POR RAZÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU VIOLENCIA SEXUAL</b>	<p>Non será necesario ter un mínimo de servizos prestados, e tampouco se esixe un prazo de permanencia en tal situación.</p> <p>Durante os <b>seis primeiros meses</b> ten dereito á reserva do posto de traballo e computa para os efectos de antigüidade, carreira e seguridade social. Este prazo pode prorrogarse <b>tres meses máis</b>, cun máximo de <b>dezaoito</b>.</p> <p>A funcionaria ten dereito, nos dous primeiros meses de excedencia, a percibir as retribucións íntegras, así como ás prestacións familiares por fillo a cargo.</p> <p>As faltas de asistencia ao traballo das vítimas da violencia de xénero teñen a consideración de xustificadas polo tempo e as condicións que determinen os servizos sociais.</p>
<b>EXCEDENCIA POR RAZÓN DE VIOLENCIA TERRORISTA</b>	<p>As condicións son as mesmas que para a excedencia por violencia de xénero. Será autorizada e mantida no tempo mentres resulte necesaria para a protección e asistencia social integral da vítima.</p>